



# CONSELLO ESCOLAR - ELECCIÓN 2024

## CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU REPRESENTANTES LEGAIS

De acordo co establecido na lexislación vixente, CONVÓCANSE ELECCIÓN para representantes das nais, pais e representantes legais do alumnado ao Consello Escolar deste centro. De xeito resumido, estes son os principais aspectos que se deberán ter en conta nestas eleccións:

**Renovaranse DOUS representantes:**

REPRESENTANTES DO SECTOR	RENOVAR	POR UN PERIODO DE 4 ANOS	POR UN PERIODO DE 2 ANOS
<b>Nais, Pais e representantes legais do alumnado</b> Continúan (nov-2026) – Cendán González, Alma M <sup>a</sup>	2	A persoa máis votada	A segunda persoa máis votada. As persoas votadas en 3º lugar e seguintes iranse incorporando ó Consello a medida que se produzan vacantes.

### 1. O Consello Escolar do centro:

\* É o órgano propio de participación no centro dos diferentes membros da comunidade escolar.

\* Composición:

- 3 representantes nais, pais ou representantes Legais.
- 4 representantes do alumnado
- 7 representantes do profesorado
- 1 representante do persoal de administración e servizos
- 1 representante a proposta do Concello de Pontevedra
- Director/a
- Xefe/a de estudos
- Secretario/a do centro (con voz pero sen voto)

### 2. Representantes do Alumnado:

- ✓ **Electores:** Todas as nais, pais e representantes legais do alumnado matriculado no Centro.
- ✓ **Elixibles:** Aqueles electores que presenten a súa candidatura por escrito ante a Xunta Electoral do Centro, da cal o Presidente é o Director e na que hai unha persoa representante das familias do alumnado. O Modelo de presentación de candidatura poderase solicitar na secretaría do centro ou mediante descarga na páxina web do centro.
- ✓ A **elección** farase ante a mesa electoral presidida polo Director do Centro e catro nais e paios ou representantes legais designados por sorteo.
- ✓ Poderán actuar como **supervisores da votación** as nais, pais ou representantes legais propostos por unha asociación de nais e pais ou avaliados pola sinatura de dez ou máis electores.
- ✓ **O voto será secreto, directo e non delegable.**
- ✓ Para votar o alumno debe figurar no **censo electoral do Alumnado do Centro, a consulta na secretaría do centro.**
- ✓ Cada elector fará constar na súa papeleta **1 nome** da lista de candidatos.

O director deste centro e presidente da Xunta Electoral, Ramiro Piñeiro Oliveira, fai pública a convocatoria de eleccións dos representantes dos pais/nais/titores legais do alumnado no Consello Escolar, de acordo coas seguintes instrucións:

**Primeiro.-** A votación celebrarase neste centro na data, hora e locais seguintes:

**Data: 19 de novembro.**

**Hora: de 16:30 a 19:00 h.**

**Local: na biblioteca do centro.**

**Segundo.-** As candidaturas presentaranse por escrito na secretaría do centro ou a través de mensaxe ao e-mail do centro e dirixidas ó presidente da Xunta Electoral entre o venres 1 e o venres 8 de novembro (ata ás 14:00 h), segundo modelo normalizado que se atopa na Secretaría do centro ou na súa páxina web. A Xunta Electoral proclamará a lista de candidatos/as admitidos/as e publicará o 11 de novembro no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web. O prazo de reclamacións de candidaturas, que se presentarán por escrito e dirixidas ao presidente da Xunta Electoral, será o 12 e o 13 de novembro (ata ás 14:00 h). As resolucións da Xunta Electoral publicaranse, de existir, o 14 de novembro.

**Terceiro.-** Os censos electorais publicaranse o 30 de outubro e poderanse consultar na secretaría do centro. As reclamacións ós mesmos poderán presentarse, por escrito, dirixidas ao presidente da Xunta Electoral, ata as 14:00 h. do venres 6 de novembro. A Xunta Electoral publicará as resolucións ás reclamacións presentadas sobre o censo o 11 de novembro.

**Cuarto.-** A Xunta Electoral do centro resolverá calquera dúbida, consulta ou reclamación que xurdise. Contra as resolucións da Xunta Electoral poderase reclamar ante o Delegado Provincial de Educación no prazo de quince días.

O proceso deu comezo o pasado mércores 23 de outubro coa celebración do sorteo público dos membros que forman parte da Xunta Electoral, órgano encargado de supervisar as eleccións.

Para máis información, poden entrar na web do centro e/ou dirixirse á Dirección do Centro.

Pontevedra, 29 de novembro de 2024



O Presidente da Xunta Electoral  
Ramiro Piñeiro Oliveira